

NOTA INFORMATIVA RELATIVA AO TERCEIRO EXERCICIO (PROBA DE GALEGO).

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten que, antes do remate do prazo sinalado para presentar a solicitude para participar no proceso selectivo, posúan o Celga 3 ou o título equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

Segundo recollen as bases polas que se rexe este proceso selectivo, os documentos que xustifiquen a exención (orixinais ou fotocopias compulsadas) do terceiro exercicio, deberán ser presentados polas persoas aspirantes que superen os dous primeiros exercicios no Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia no prazo máximo de 3 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación das cualificacións do segundo exercicio.